

A B C D E F G

O MEU NOME

NUN FRASCO

Como actividade de lectoescritura desta semana, plantexámosvos o xogo "O meu nome nun frasco" e presentámosvos unha serie de actividades a realizar en relación ao xogo. Con elas pretendemos que os nenos e nenas reforcen os contidos e capacidades adquiridas durante o curso en relación á **linguaxe oral e escrita**, coa vosa axuda.

Previamente teredes que preparar o **material necesario** para o xogo, que sería o seguinte:

- **Frascos** ou recipientes que teñades na casa (caixas, vasos, bolsas...). Tedes que preparar un recipiente por cada letra do nome do neno/a. Si ten letras repetidas é suficiente un frasco para esa letra.
- **Obxectos** que collan dentro do recipiente. Poden ser xoguetes, ferramentas, utensilios varios... Podedes aproveitar os paseos para recoller obxectos da contorna.



Z

Y

X

W

V

U

T

S

R

Q

P

O

N

H

I

J

K

L

M

A B C D E F G

## ACTIVIDADES

A continuación presentámosvos a secuencia de actividades a realizar:

1. O neno ou nena debe **escribir** en papeis individuais as letras do seu nome (as **balears**, coma sempre, en minúscula) e pegar cada unha delas nun recipiente. Si vos apetece, podedes decorar o recipiente ao voso gusto.
2. **Buscar** obxectos que empecen por cada letra do seu nome para ir enchendo os recipientes. A medida que ides atopando os obxectos podedes ir **describindo** algunhas das súas características, para favorecer así a linguaxe oral.
3. Unha vez teñades listos os recipientes, toca **escribir**:  
**FORMIGUIÑAS**: Escribir en maiúscula, como mínimo, o nome dun obxecto de cada recipiente. Dicir oralmente unha frase con cada unha das palabras.  
**PITIÑOS**: Escribir en maiúscula o nome de todos os obxectos de cada recipiente. Dicir oralmente e escribir, como mínimo, unha frase con un obxecto de cada recipiente.  
**BALEAS**: Escribir en minúscula o nome de todos os obxectos de cada recipiente. Dicir oralmente e escribir, como mínimo, unha frase con tres obxectos.
4. Si vos gusta o xogo e vos apetece seguir xogando e aprendendo, podedes facelo cos nomes que queirades (familia, amigos e amigas, mestres..)

Moita sorte e gracias!

T S R Q P O N